

MÉDICAS/OS DE URXENCIAS

O Servizo Galego de Saúde segue sen responder ás demandas das médicas e médicos de Urxencias Hospitalarias, que xa foran recollidas nun acta de Mesa Sectorial do 30 de xaneiro de 2024.

Nesa acta se acordaba convocar a Comisión de Seguimento do acordo para:

- Revisar o cómputo de xornada de docencia e outras actividades non asistenciais.
- Revisar o réxime de descansos e o seu cómputo

Tamén se acordada tratar na Mesa Sectorial:

- A Xornada Complementaria.
- O tratamento do persoal médico de urxencias hospitalarias maior de 55 anos.
- A dispoñibilidade en urxencias hospitalarias.

Na Mesa Sectorial do 10 de febreiro de 2026 so presentan unha proposta de **subida da hora de xornada complementaria**, desde a primeira hora de:

- +2 € x hora, a partires do 1 de abril de 2026
- +3 € x hora, a partires do 1 de xaneiro de 2027

Tamén propoñen **incorporar o concepto de venres prefestivo**.



CIG-SAÚDE EXIXE ABORDAR TODOS OS TEMAS PENDENTES DAS MÉDICAS E MÉDICOS DE URXENCIAS HOSPITALARIAS



febreiro 2026

